



ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL QUINCE.

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

Dona María Loureiro García.(PSd G-PSOE)

CONCELLEIROS

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE

D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro(PSde G-PSOE

Dª.Covadonga Viamonte Aguiar(PSde G-PSOE

D.Vicente Hermida Rodriguez (PSdG-PSOE)

D.Jaime Eduardo de Olano Vela, (P.P.)

D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)

D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)

Dª.María del Carmen Gueimunde Gonzalez.(P.P.)

Dona Cándida Mendez Salgado (PP)

Dona María Jesús Vale López (PP)

D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG

D.Manuel Galdo Dopico,BNG

Dª.Olaia Casas Chaves, (BNG)

D.Guillermo Leal Arias,IVI

D.Jesús Fernández Fernández,IVI

EXCUSA

Dª. María Isabel Rodríguez López (Psde G-PSOE)

NON ASISTE

Dª-Rosa Abelleira Fernández

Interventora por acumulación

SECRETARIA ACCIDENTAL

Dª.Fátima Moar Rivera

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día oito de xaneiro de dous mil quince, baixo a Presidencia da Srª.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, Dª.Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Srª.Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Srª. Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento da sesión ordinaria do Pleno do Concello



1º.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS CELEBRADAS OS DIAS 4 DE DECEMBRO E EXTRAORDINARIA URXENTE DO DIA 22 DE DECEMBRO DE 2014.

Pola Sr^a. Alcaldesa pregúntalles ós Srs. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer as actas das sesións ordinaria do 4 de decembro de 2014, e a Acta extraordinaria e urxente do día 22 de Decembro de 2014.

Tendo en conta que a totalidade dos membros da Corporación recibiu fotocopia do borrador das actas correspondentes a estas sesións, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

-Seguidamente, polo concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Antonio José Bouza Rodil faise unha salvedade á Acta do 4 de decembro de 2014 e ven en dicir que é incorrecto a cantidade que figura na páxina 7) de 700.000 euros ó ano, -no cuarto parágrafo)- onde dí: 700.000 euro; hai un erro e debe dicir, 70.000 euros. Ven en interesar se corrixa.

Non producíndose máis salvedades ás actas indicadas, o Pleno da Corporación asistente, por unanimidade, acorda aprobar as devandita actas correspondentes aos días 4 de decembro e 22 de decembro de 2014.

2º.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDIA

Pola Sr^a.Alcaldesa dase conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervención e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

3º.- PROPOSTA DA ALCALDIA SOBRE NOMEAMENTO AO SECRETARIO INTERVENTOR ASESOR AOS CONCELLOS, D.MANUEL CASTIÑEIRA CASTIÑEIRA, INSTRUCTOR DO EXPEDIENTE DE REVISION DE OFICIO.

Dase conta da proposta da señora Alcaldesa do concello de Viveiro que eleva ó Pleno da Corporación a seguinte PROPOSTA de acordo:

“Tendo en conta o acordo plenario de 27 de novembro de 2014 polo que, entre outros extremos, dispense:

A incoación do procedemento de revisión de oficio en relación aos actos administrativos que se referencian no citado acordo.

Tendo en conta que pola Presidencia da Excma. Deputación Provincial propónse comisionar ao Secretario-Interventor asesor aos Concellos, a fin de que exerza as funcións de instructor do reflectido expediente de revisión de oficio.

Por esta Alcaldía-Presidencia propónse a adopción do seguinte acordo:



PRIMEIRO.- Nomear ao Secretario-Interventor asesor aos Concellos D.Manuel Castiñeira Castiñeira, Instructor do expediente de revisión de oficio incoado por acordo plenario do concello de Viveiro de data 27 de novembro de 2014.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás partes interesadas para os efectos oportunos. Viveiro a vintenove de decembro de dous mil catorce.-asdº: A ALCALDESA.”

Non existindo debate, e sometida a votación a proposta da Alcaldía, o Pleno da Corporación, por unanimidade, con dezaseis votos a favor, ACORDA: Aprobar a proposta da Alcaldía en tódolos puntos”.

4º.-APROBAR A SUSCRIPCION DO MODELO DE CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O ENTE PUBLICO PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA A REFORMA E ADAPTACION DE BEIRARRÚAS NAS PROXIMIDADES DO CASCO HISTORICO DE VIVEIRO PARA REORDENACION DE TRAFICO RODADO E GARANTIA DE ACCESIBILIDADE DE VIANDANTES

Visto o proxecto de “ Reforma e adaptación de beirarrúas nas proximidades do casco historico de Viveiro para reordenación do tráfico rodado e garantía de accesibilidade de viandantes, redactado polo Arquitecto D.Santiago Meitín Miguez, cun presuposto de contrata de 185.000,00€uros.

Visto o oficio remitido por Portos de Galicia para a sinatura do “ Convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Viveiro para a reforma e adaptación de beirarruas nas proximidades do casco historico de Viveiro para reordenación de trafico rodado e garantía de accesibilidade de viandantes.

Visto que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, en sesión celebrada o día 2 de xaneiro de 2015.

Vista a proposta da Alcaldía de data 12 de decembro de 2014

Sometido a debate:

Intervén, en primeiro lugar o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, D.Antonio Bouza Rodil, e desexa se lle aclare o seguinte: pois as cantidades que se contemplan no convenio da obra non coinciden co orzamento da obra.

Pola Sra.Alcaldesa, faise saber que as cantidades do convenio refírense só a obra que se vai facer nos terreos do Grupo de Portos, pero o proxecto asinado polo arquitecto, estase a referir á totalidade da obra que ascende a 175.000 euros e será subvencionado pola Deputacion Provincial. Engade que o que se pretende neste pleno é aprobar o convenio da obra que atañe ao Grupo de Portos de Galicia de esta parte do peirao vello.

Seguidamente intervén o portavoz do Grupo municipal do BNG, D.Bernardo José Fraga Galdo, e dí que o seu Grupo vai votar a favor do Convenio, e que lle parece triste que sempre nos teñan que vir de Lugo a salvar o Organismo da Deputación Provincial cando estas obras lles corresponde ao Grupo de Portos de Galicia. Sabemos que agora ven o “Nadal “ e fainos un regalo co derrube de



catro galpóns, pero unha vez por todas, que rematen coas concesións!!!.. e que se faiga un proxecto integral do peirao vello de Viveiro.

Intervén o portavoz do Grupo municipal do IVI, D.Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu Grupo está a favor, tanto do que dí o representante do BNG Sr.Fraga Galdo como co Convenio que se pretende aprobar. Vemos a “rapidez” con que se executan as obras no muelle vello por parte do Grupo de Portos., pero o noso Grupo Municipal Independentes de Viveiro vamos aprobar este convenio xa que, para facer algo, temos que ter sempre o “santo” que nos protexe neste Concello.. que é a Deputación de Lugo.

O Pleno da Corporación por unanimidade, con dezaseis votos a favor, que resultan ser do todos os membros da Corporación presentes, sendo maioría absoluta,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a suscripción de modelo de convenio de colaboración entre o Ente Público Portos de Galicia e o Concello de Viveiro para a reforma e adaptación de beirarrúas nas proximidades do Casco Histórico de Viveiro para reordenación do tráfico rodado e garantía de accesibilidade de viandantes (modelo de convenio que se adxunta á presente proposta).

SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a realización dos trámites pertinentes en orde a proceder á suscripción do referido convenio.

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a realización dos trámites pertinentes en orde a proceder ó expediente de contratación e xestións necesarias para a realización das obras contempladas no proxecto de reforma e adaptación de beirarrúas nas proximidades do caso histórico de Viveiro para reordenación do tráfico rodado e garantía da accesibilidade de viandantes.”

5º.- MOCION DO BNG SOBRE A CREACION DUNHA TARIFA ELECTRICA GALEGA

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico, para dicir que Galiza é unha Comunidade que exporta un 40% da enerxía eléctrica que produce, según a táboa, e ven en denunciar unha tarifa eléctrica feita a medida dos oligopolios” que condenan a Galiza a pagar as tarifas máis altas de Europa.

Tamén dí, que a enerxía eólica implica un “impacto ambiental” para Galiza é unha merma paisaxística para o sector turístico.

Di tamén, que se manteña o entramado industrial de Galiza e Insiste nunha “tarifa eléctrica galega” que desconte as costas de transporte, e a perda de enerxía perante ese transporte, o que supoñería unha redución do 30” nos peaxes ou 35% do precio actual da enerxía eléctrica que impida o peche de empresas como Alcoa ou Megasa en Ferrolterra (nas últimas datas xa saliu na prensa o tema das tarifas de Alcoa) sendo preciso unha tarifa “ regulada e sustentable” para evitar que ano tras ano esteñamos co conflito, mentres que si tivera esa enerxía diferenciada non se daría xa o problema.

E remata dicindo que estamos a soportar “ as familias de Galiza” a terceira enerxía mais cara de Europa sendo un País fortemente produtor.

Dí, que de esta enerxía, o País que ten a enerxía máis cara de Europa é Malta, que practicamente non produce enerxía e deixa quedar mal ás conductas que se levaron a cabo. Por último, fai mención ao “factor diferenciador” que ten agora mesmo o “ País Vasco” que negociou co Goberno



do PP a reforma eléctrica, e iso supuxo “un ben tarifario para as empresas” que lles permite aforrar.

A continuación transcríbese a presente moción”:

MOCION SOBRE A CREACION DUNHA TARIFA LECTRICA GALEGA,

EXPOSICION DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Producto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de cenro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencia hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción do dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

ANO	ENERXIA EXPORTADA
2001	46,0%
2002	37,7%
2003	41,9%
2004	38,0%
2005	26,9%
2006	32,0%
2007	33,0%
2008	25,5%
2009	37,1%
2010	37,1%
2011	30,2%
2012	40,0%
2013	O INEGA aínda non publicou os datos.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu ventaxas do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxe á homénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.



No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñen impostos ambientais, ao recollerse a posibilidade –aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos proioa á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza pagueamos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter ventaxas en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido; Galiza debe demandar una tarifa máis baixa (unha redución nos peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español, e tamén, para posibilitar o seus crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida das persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervindo polo sector público e vetado a especulación e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado Español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidades de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovables, etc, partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaxarían o prezo final da tarifa eléctrica..

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.



O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, munha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes en un 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Pos iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación de Viveiro a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30% tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

Seguidamente, intervéñen en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio José Bouza Rodil quen dí: qué por unha vez vai estar de acordo en algo, cando se dí que “Galicia é un alto produtor de enerxía eléctrica”. A continuación pasa a facer un breve resumo dos seus argumentos, entre outros, dí que Galicia ten unhas circunstancias especiais que fan incrementar o custo da enerxía, como é: a situación demográfica, a climatoloxía, a orografía, temos que ter en conta que todos os galegos, ademais da solidariedade territorial do Bloque Nacionalista Galego esquece os cuantiosos recursos recibidos por Galicia nas últimas décadas ao aveiro da Comunidade Europea e doutras Comunidades Autónomas como: postos de traballo dos Eólicos, os Impostos municipais das empresas instaladas como IBI, penso que algún proveito lle reportou a Galicia estas eléctricas. En todo caso trátase dunha moción que, desde o meu punto de vista, emprega uns argumentos un tanto simplistas, non se ten en conta que para o consumo de enerxía se consumen grandes cantidades de enerxía climática e tampouco que os gastos dos transportes que ten Galicia son máis altos que o restos das comunidades autónomas debido á situación. Por outra banda, o Partido Popular está a traballar en integrar a España, e por suposto a Galicia, no Mercado Europeo de Electricidade que contribuíra a garantir un marco estable da enerxía eléctrica. Inténtase reducir un custo e facer un mercado global de enerxía. A Comisión Internacional dos Mercados recolle un informe que di: “Existirá superavit de tarifa en 10 nos” e de cara ao ano 2015 non se vai incrementar a parte da tarifa, e dí que cre que é unha boa noticia para todos, e par Galicia en particular. E por último, falan vostedes das diferencias renovables e os últimos datos publicados pola Unión Europea, o precio da unidade para o consumidor en España, baixou un 1,4% entre o semestre do 2007 e o primeiro semestre do 2014, cando a suba rexistrada da eurozona era dun 2%-

E Non é certo que España sexa a terceira(3º) país máis cara para o “consumo doméstico” ..é a sexta (6ª) según datos publicados. Polo tanto, enténdese, que non poidamos apoiar esta Moción.

Intervén, en representación do Grupo Municipal do PS d G-PSOE, Dona María Loureiro García, Alcaldesa do Concello, e dí que estes días pasados estivemos a vivir, con certa incertidume, a evolución do novo servizo de interempibibilidade, incluído dentro do paquete de medidas de



reforma eléctrica, modificando o anterior sistema de adxudicación mediante contratos. A modificación máis transcendente foi a de que Red Eléctrica Española saca a substa periódicamente unha cantidade de magavattios para que cada compañía poda ofrecer a súa potencia contratada en función da demanda que o operador plantexe e a oferta que realicen as empresas que acudan a dita subasta.

Certo é que Galicia xenera unha cantidade importante da enerxía dentro do Estado Español, que exporta unhas porcentaxes elevadas da enerxía que produce, pero non é menos certo que a transformación desa enerxía non se fai na nosa comunidade, que estamos nun Estado das Autonomías, onde todas elas son solidarias co resto, onde non hai fronteiras en aranceles, onde, existe un libre mercado.

Por outra banda, non se nos pode esquecer que o custo da enerxía eléctrica constitúe un dos maiores gastos correntes para as grandes compañías, chegando, en algún caso, a suponer o 40% do custe final do produto elaborado.

Neste contexto o Goberno do Estado plantexa a revisión do servizo de xestión da demanda de interrumpibilidade, e xa mencionada subasta para grandes consumidores. En Galicia temos empresas suxeitas a esta figura: Alcoa, Ferroatlántica, Megasa, Celsa, SLG Carbón, onde o custe da enerxía é vital para o seu mantemento.

Ante esta situación dando o Grupo Municipal Socialista, no apoiaremos a Moción do BNG por entender que pretende acabar co sistema de solidariedade do conxunto do Estado Español que, excepto en casos moi concretos e precisos tampouco compartidos polo PSdG, o prezo é igual para todos, sen distinción de se son produtores ou importadores de dita enerxía eléctrica. Se isto se levara a efecto, se este plantexamento se fixera para todo tipo de produtos de mercado, estaríase a fragmentar o mercado de libre comercio dentro do territorio español.

Os socialistas, como garantes do Estado do bienestar, non podemos permitir que haxa fogares no Estado Español, que vexan mermadas as condicións de vida saudables, que non teñan acceso a un dereito fundamental e básico como é de disfrutar das vantaxes (hoxe en día perentorias) que supón o disfrute do acceso a enerxía eléctrica.

E imprescindible que se lexisle, a nivel estatal para garantir a administración enerxética dos consumidores vulnerables, en situación de pobreza enerxética, para que todo aquel que soporte un gasto superior ao 10% dos seus ingresos a pagar facturas da luz non poda ser privado de este ben básico. A Lei deberá promulgarse para todo o Estado, no só para Galicia polo mero feito de ser produtora principal de enerxía eléctrica.

Si que é achacable ó Goberno de Galicia a merma de dereitos nestes senso, a non ampliación do denominado “Ticket eléctrico”; en Galicia. Segundo a Asociación de Ciencias Ambientais, hai 455.000 fogares que adican máis do 10% dos seus ingresos ó pago de facturas de luz. A proposta que facemos o Partido Socialista de Galicia é que se deben modificar os requisitos para ser perceptor do mencionado “Ticket eléctrico”, establecéndose 10% de ingresos como tope máximo para poder recibir a bonificación no seu recibo periódico.

Volvendo ao tema da subasta de interrumpibilidade compre dicir que dando o grupo municipal socialista defendemos unha tarifa particular e propia para as grandes empresas, sen subasta, con prezo que dependa do grao de enerxía que se ceda no caso de interrumpibilidade, é dicir, ver reducida a súa tarifa en base a cesión de enerxía que poñan a dispor da Rede Eléctrica Española nos momentos de necesidade imperiosa. Isto faría moitos máis previsible o gasto enerxético deste tipo de empresas, que permitiría establecer balances económicos máis precisos, sen depender das



flutuación do mercado ou das subastas. O aumento anual nesta factura non podería verse incrementada ano a ano en máis dun 2% o I.P.C.

En conclusión, o Grupo Municipal Socialista non está dacordo coa moción presentada polo BNG por considerar que a tarifa eléctrica galega suporía desligarse da cohesión estatal da que gozamos hoxe en día, propoñendo unha baixada dos prezos da electricidade en xeral, unha modificación nos baremos que rixen a percepción do ticket eléctrico de Galicia, rebaixando considerablemente os requisitos ata o 10% dos ingresos no pago da factura da luz e un cambio no sistema de pago da enerxía para as grandes empresas (tarifa fixa, cun incremento nunca superior á 2% do I.P.C. interanual.

Intervén seguidamente Don Guillermo Leal, Voceiro do Grupo municipal do IVI, indicando que o que está moi claro, dí, que “calquera persoa de a pé “ ve que “ o recibo da luz” os incrementos da tarifa eléctrica, e o que se incrementou nos últimos anos. Este é contactabel e supón incremento tanto para as familias coma para as empresas, e hai empresas que teñen que pechar incluso na zona da Mariña polos motivos do que tiña que pagar en gastos de electricidade. Xa dame igual que lle chamen “tarifa eléctrica galega o española”. Oxalá; que baixen as tarifas en todo o Estado Español, pero o que estamos é totalmente de acordo en que o Goberno ten que baixar as tarifas eléctricas, polo que vamos apoiar esta Moción do BNG e vamos reivindicar que baixen as tarifas eléctricas.

Intervén en resposta D. Manuel do BNG, e dí que está de acordo en que se baixen as tarifas eléctricas como dice o Sr. Bouza do P.P., pero algunha familia se vai enterar desas baixadas..., non é asumible tanto para as familias como para as pequenas empresas, hai que diferenciar o precio do KW, que sí baixou, pero subeu enormemente a potencia contratada; polo que non creo nesa baixada.... Polo tanto a pagar vai ser máis caro que antes. O Goberno do PSOE subeu o recibo da luz, pero o Partido Popular subeu tamén. E o Sr. Bouza non fala de que o Partido Popular aínda que ten maioría absoluta apoiou ao PNV e iso non é gratis porque hai empresas que van a competir directamente coas empresas que ten Galiza. Isto provoca incremento do déficit, pero vimos oíndo, ano tras ano, que se vai solucionar, pero os acordos que levaron ao PNV a apoiar isto nos deixa nunha competencia desigual.

Nos vamos traballar para Galiza e intentar que en Galiza as empresas e as familias teñan custe eléctrico máis baixo.

Sometida a votación, votos a favor da Moción do BNG: 5 votos, que resultan ser: tres (3 votos) dos concelleiros do BNG e dous (2) votos dos concelleiros do IVI.

Votos en contra: Seis, (6) que resultan ser dos concelleiros do PP.

Abstencións: cinco(5) abstencións, que resultan ser dos concelleiros do PSdG-PSOE. Quedando” rexeitada” a moción que presente o BNG por maioría de votos en contra.

Nº 6.- MOCION DO PARTIDO POPULAR RELATIVA A COLOCACION DE CARTELEIRAS INFORMATIVAS NO NOSO CONCELLO.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Viveiro a través do seu concelleiro D. Celestino García Paz, en base á lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCION RELATIVA A COLOCACION DE CARTELEIRAS INFORMATIVAS NO NOSO CONCELLO

EXPOSICION DE MOTIVOS



Algúns veciños de Covas e doutras parroquias do Concello, dirixíronse a este Grupo Municipal ó obxecto de que fixeramos as xestións necesarias para a colocación de carteleiras pechadas, onde se puidesen expoñer todo tipo de información, dende bandos, esquelas ou mesmo de distintas asociacións que puidesen resultar de interese para os veciños.

Estas carteleiras deberían estar situadas en puntos de referencia e de fácil acceso para a súa consulta, evitando así o que sucede na actualidade onde esta información está dispersa e situada en comercios ou en lugares como cabinas de teléfono, co que moitos casos pasa desapercibida para unha inmensa maioría da poboación.

Estas carteleiras informativas das que se poderán beneficiar todas as parroquias do noso Concello, xa existen dende fai anos en Concellos tan cercanos a nós como os de Burela e Xove.

Esta petición dos veciños non é nova, posto que o noso grupo xa plantexara esta posibilidade en forma de rogo, no pleno celebrado o 1 de agosto de 2013, non obtendo ata a data resposta favorable.

Ao obxecto de que esta petición se poida facer realidade, o grupo municipal do Partido Popular mantivo conversacións coas Empresas Funerarias deste Concello: "Funeraria Gomer Travieso e Alianza e Barro.-"; conversas onde estas empresas non confirmaron que están dispostas a colaborar para que este asunto saia adiante.

Por estas razóns, o noso grupo somete a consideración do Pleno o seguinte acordo:

1.- Instar á Alcaldesa para que se reúna cos Xerentes das dúas funerarias citadas para acordar os termos da colaboración e concretar aspectos como o modelo de carteleira, así como a distribución, o número e a ubicación das mesmas polas distintas parroquias do noso Concello.

Seguidamente, sométese a debate a presente moción coas seguintes intervencións:

Intervén o voceiro do BNG, Don Bernardo José Fraga Galdo, para dicir que está de acordo coa iniciativa da instalación de paneis informativos pero o único que non temos claro é a ubicación e tamén a regulamentación. Solicitamos que haxa unha Ordenanza, que o Concello estableza unha Ordenanza e que unha empresa xestione a instalación de Vallas informativas para a colocación de Bandos, Actos Culturais, acontecementos etc.

Seguidamente, intervén D. Jesus Fernandez Fernández, concelleiro do IVI, e dí que non estaría de mais que houbera unha ubicación definida. Facer una Ordenanza, xa que actualmente, nos taboleiros de anuncios das igresias, algúns xa van retiralos, porque colgan ata anuncios de festas, esquelas e todo tipo de anuncios que dá aspecto de abandono. Hai que mirar onde se colocan os carteis porque xa vemos algúns aínda postos do ano 2007 e digo eu que haberá que mirar pola estética e poñer unha ubicación concreta. Facer unha ordenanza e sinalar ubicacións.

Polo que eu solicitaría un cambio na moción, no sentido de que se xestione pola Alcaldía, que as empresas se reunan na Alcaldía, que por anuncios e información, terán que aboar os gastos, pois será a cambio de algo. Hai varias maneiras xa que a propia marquesina é un anuncio publicitario pola parte de abaixo. Polo que eu solicito que se faculte a Sra. Alcaldesa para realizar as xestións para instalar carteleiras informativas, anuncios, e instalacións de bandos etc. Solicitamos que o Grupo Municipal do partido Popular cambie o acordo neste sentido.



Intervén D. Celestino García Paz, Concelleiro do Grupo municipal Popular, indica que non ten inconveniente en cambiar a moción xa que asuí está a representar aos veciños que solicitan unhas carteleras informativas para que a xente teña a información.

Intervén Jesús Fernández Cal-Teniente de Alcalde do PSdG-PSOE, di que por suposto que está a favor, pero neste caso, non pode ser de forma alegre, porque hai unha normativa de que non se poden pegar ningún cartese e xa algúns foron sancionados por poñer propaganda. Hai que respectar o Casco Histórico e hai que mirar o custe económico, a ubicación, e a estética.

Seguidamente, pola Sra. Alcaldesa, tómase a palabra, e dí que se está de acordo en que se faculte á Sra. Alcaldesa para facer as xestións coas empresas, buscar a idoneidade do sitios a instalar carteleiras de publicidade e informativas polas distintas Parroquia de Concello.

Sometida a votación, por unanimidade, con dezaseis votos a favor, de todos os concelleiros presentes, acordase aprobar a Moción que presenta o Grupo Municipal do Partido Popular, con estas variacións de facultar á Sra. Alcaldesa para facer todas as xestións.

7º.-DACION DE CONTA DE CORRESPONDENCIA OFICIAL-

Dase conta de escrito da Secretaria Xeral da FEMP, acusando recibo de solicitude desta Alcaldía e comunicando que a Xunta de Goberno da FEMP, na súa reunión de 16 de decembro de 2014, ratifica a petición do noso Concello de adhesión á Sección da FEMP, red española de cidades por el clima.

Esta Rede, que é un instrumento de coordinación e impulso das políticas locais de loita contra o cambio climático, continúa desenrolando modelos que contibúan a aminorar a emisión de gases de efecto invernadeiro.

Or todo, é unha honra dar a benvida a esta Sección da Federación Española de Municipios e Provincias que, redundará en compromisos fructíferos na loita contra o cambio climático.

Na páxina Web da Rede (<http://www.redciudadesclima.es/>) pódese comprobar a intensa actividade desenrolada e obter unha completa información.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda darse por enterada.

8º.-ROGOS E PREGUNTAS

D.Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas sobre as que desexa obter a correspondente resposta, ben sexa oral ou por escrito.

1º.- Na Avda. Cantarrana en Covas (Extrada LU-862), un barrio no que hai un bo número de pequenos e medianos empresarios relacionados coa hostelería e outro tipo de comercios, só atopamos unha zon reservada de carga e descarga fronte o Edificio Parquemar 2, zona pintada a que só lle falta a colocación dos sinais verticais que indiquen o horario para dito uso. Por esta razón lle PREGUNTAMOS á Alcaldesa

1.-Vaise utilizar esta zona como carga e descarga definitivamente:

2.-Hai outras alternativas para cubrir a falta de zonas de carga e descarga na Avda.Cantarrana de Covas?.



R/ - Pola Sra. Alcaldesa se lle resposta que con respecto a primeira pregunta, que se vai instalar á altura de lavanderia en Parquemar, da Parroquia de Covas.

2º.-Veciños do barrio do Pontigo na parroquia de Galdo informáronnos que no río que discorre desde o Rego da Feira á Ponte de Cal (á altura do citado barrio) desprendeuse unha pedra de gran tamaño das que forman o muro de contención que está pegado á estrada LU-P6602 de Magazos a Bravos. Debido ás improporables dimensións da citada pedra, esta ocupa parte do cauce do río, motivo que pode provocar un serio risco de inundacións para as vivendas deste Barrio en caso de choiva abundante, tal e como ten sucedido non hai moito .

Por todo isto lle PREGUNTAMOS Á Alcaldesa

1.-Ten coñecemento o Goberno local desta situación?.

2.- En caso afirmativo, que medidas se van a tomar para arranxar esta situación.?

R/- Pola Sra. Alcaldesa se lle resposta que no mes de xaneiro polo Sr. Concelleiro de obras se visitaron as inmediacións polos problemas das inundacións e tamén a Voz de Galicia falou do tema. Este Concello puxoo en coñecemento dos Organismos autónomicos para evitar que a auga do río invada e para que se subsane a maior brevidade.

ROGO

D.Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación os seguintes ROGOS, ó obxecto de que se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible

1º.-As vivendas da Rúa Atalaya nº 29 e 33 na parroquia de Celeiro, que por defecto no primeiro e falta no segundo dos respectivos canalóns, o que provoca que nos días de choiva ocasionen molestias ós viandantes que transitan por esta rúa. Por esta razón **ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que inste ós donos ou herdeiros destas vivendas par que procedan ó arranxo dos mencionados canalóns.**

R/-Pola Sra. Alcaldesa, respóstase que xa se requiriu as donos das vivendas para que arranxas as anomalías nos canalóns. E respecto á segunda, que non tiñen canalón, e estase a mirar a maneira de poder instalar o canalón pola comunidade.Terá que facelo.

2º.- Dado o mal aspecto que presentan, como consecuencia da maleza acumulada, e dado que o seu mantemento e competencia municipal e polo que **ROGAMOS Á Sra.Alcaldesa** que se proceda á limpeza de pista e camiños públicos conocidos como A Costa e camiño de Meira en Celeiro, Camiño de Cerviño en San Pedro, Camiño da Vía de Pénjamo as Nogueiras, e o Camiño desde a rúa Tilleira nº1 ata as vivendas sociais de Valdeflores en Magazos.

R/-Pola Sra. Alcaldesa, respóstase que se procederá a facelo e se dará conta ao Concelleiro encargado do servizo.



3º.- Debido o mal aspecto que presenta, **ROGAMOS Á Sra. Alcaldesa** que se reparen as reixas de canaletas de auga soltas no aparcamento situado detrás do antigo centro comarcal e ó lado do parque infantil e a Gardería municipal do Lodeiro, polo risco que poden ocasionar tanto para os nenos como para as persoas maiores.

R/-Pola Sra. Alcaldesa respóntase que dará conta ao servizo de obras para que sexan reparadas o antes posible.

.-Polo Concelleiro D. Jesús Fernández Fernández, vice-portavoz do Grupo Municipal do Partido Independentes de Viveiro (IVI), no Concello de Viveiro,
Que ao amparo da lexislación vixente, presenta o seguintes:

ROGOS

4º.-o Grupo Municipal de IVI, Ruega e insta ao goberno de Viveiro a solicitar zonas alternativas de aparcadoiro debido ao peche parcial do peirao de Viveiro, polas obras que se están a acometer para o derrubamento de varias naves que creemos van a un ritmo bastante lento”, dado a afluencia masiva de persoas que visitarán Viveiro nesta época do ano, Por iso propoñemos se solicite a Portos de Galicia e á concesionaria, a zona contigua a Avda.Ramón Canosa do porto deportivo, para que se poida utilizar como aparcadoiro ata que rematen as obras do peirao de Viveiro.Así mesmo, tamén, que se faga extensivo a petición ao Casino de Viveiro, parq eue neste período se poida facer uso da súa zona de aparcadoiro, polo menos en horarios diurno

R/- Pola Sra. Alcaldesa respóntase que, con respecto ao Porto deportivo, xa se mandou un escrito a Portos de Galicia xa no mes de novembro para poder aparcas, pero non contestaron por escrito,puñémonos en contacto con portos e dixeron que o encargado estaba de vacacións, polo que estamos a espera....

5º.-Rogamos nos indique o equipo de goberno si houbo resposta da tesourería xeral da” seguridade social” sobre a reversión ó ayuntamiento do terreo na zona de Lodeiro, colindante co edificio de correos, demanda efectuada fai bastante tempo, o cal se atopa nunha situación lamentable, cheo de socavóns e pozas.

R/ Pola Sra. Alcaldesa se lle resposata que xa se enviaron varios escritos solicitando a reversión do terreo de Lodeiro ao Instituto Nacional da Seguridade Social e desafectación da zona, xa se enviou co outro Alcalde e nosoutros tamén enviamos outro no mes de marzo e non temos contestación.

Seguidamente polo Concelleiro D.Jesus Fernandez Fernandez, representante do IVI, quere con “Conste en Acta” que: “Quedouse “perplexo” cando, oxe mesmo, nos medios de comunicación poñen que a Seguridade Social se reserva a finca por si fora posible facer un edificio. Dende o ano 1997 se falou de que habia un proxecto para facer un edificio do CAISS, despois lévarono para Celeiro, pero co Goberno do Ppxa se falou de facer o edificio do CAISS, e co Gobeno bipartito,pero non se fixo nin se vai facer, entonces, dunha vez por todas, que non devolvan o solar, por non cumprir as condicións polo que foi feito a cesión dos terreos.Que conste que sabemos que na Administración cando non cumpre o expediente revirte a concesión ao Organismo que o



cedeu. Pedimos que se solicite e soio falta que poñan cadenas como no GADIS e letreiros de “propiedade privada “prohibido aparcas”. Solicitamos a reversión.

6º.-Por parte deste grupo facíase unha proposta no anto 2011, aprobada por unanimidade sobre o cambio da porta do concello, o que suporía un importante aforro enerxético en canto a calefacción do edificio e daría un clima de traballo máis agradable. En varias ocasións preguntamos como estaba este tema, e se nos indicou que se ía facer un proxecto. Como sexa que pasou moito tempo e polo que Rogamos a Sra. Alcaldesa non indique en que situación se atopa dita demanda.

R/- pola Sra. Alcaldesa se lle resposta que a porta do concello foi arranxada e neste intre non vota frío polo menos, non protestan os/as traballadoras. Aínda que está un proxecto feito para reforzar e cambiar a porta, de momento arranxouse e a esta Alcaldía no houbo protestas dos traballadores polo frío que vota.

Polo Concelleiro do IVI, D. Jesús Fernandez Fernandez, dícese que a mín sí, se me queixan, e que se podería poñer unha segunda porta.

E non habendo mais asuntos de que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as vinteduas horas do día con que se encabeza esta acta, que asinan todos os asistentes, do que eu, como secretaria acctal, dou fe.

Vtº e prace
A ALCALDESA

A SECRETARIA ACCTAL